



1 de agosto de 2009. A Coordinadora Antitouradas de Pontevedra (www.pontevedraantitouradas.org), convoca unha

MANIFESTACIÓN

CONTRA AS TOURADAS

que terá lugar o día 1 de agosto (data de inicio da Feria Taurina) ás 19h. con partida e fin na praza da Peregrina, e percurso polas rúas da cidade. Tamén terán lugar unha serie de actividades encamiñadas a denunciar o maltrato animal durante esta.

CALENDARIO DE ACTOS:

-Venres 31 de xullo ás 20h:

Charla-Coloquio Antitouradas

na praza da Pedreira. Con Rubén Pérez Sueiras (Galicia Mellor sen Touradas)

-Sábado 1 de agosto de 2009 ás 19h con inicio e fin na Peregrina (Ponte Vedra).

MANIFESTACIÓN CONTRA AS TOURADAS POLA RÚAS DA CIDADE

-

-Mércores 5 de agosto ás 20h entre a praza de San Xosé e Peregrina:

ENCERRO-ANTITAURO

(performance colectiva)

- Denunciamos o trato cruel e inhumano que os touros reciben no transcurso desta mal chamada festa, na cal o touro é desgarrado, mutilado e torturado até morrer, así como o maltrato animal en xeral. - Consideramos obscena a utilización de fondos públicos para a financiación das touradas (42 euros em impostos por habitante, segundo Libera), a pesarde que as enquisas (Gallup 07) amosan que un 86% da poboación galega se declara indiferente perante este atavismo. - Advertimos das touradas como coartada para a construción da identidade española en Galiza. Constitúe un ritual en torno ao cal conflúen os sectores mais reaccionarios da sociedade.

- Finalmente, as touradas teñen unha forte compoñente machista, ao exaltar a figura masculina nunha loita contra un animal "mitificado" da que sempre sae vitorioso.

En consecuencia, reivindicamos:

- 1) Cese inmediato de axudas encubertas ás touradas por parte de todas as institucións, nomeadamente da Deputación de Pontevedra, principal colaborador público.
- 2) Instar á Xunta a aprobar unha Lei de Protección Animal que proíba as touradas e espectáculos onde se torture ou mate animais.
- 3) Declaración por parte do Concello de Pontevedra como “Cidade Antitouradas” e amiga dos animais.
- 4) Supresión das touradas como reclamo turístico por parte das Institucións públicas, así como dos programas de festas.
- 5) Erradicación do uso de espazos públicos para a promoción das touradas. 6) Reconversión da Praza de Touros nun Coliseu para espectáculos culturais e concertos.

CONTACTO: tlf. 645 644 635

info@pontevedraantitouradas.org

www.pontevedraantitouradas.org